



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO  
AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR  
CURSO ESCOLAR 2023-2024

Enlace SEDE ELECTÓNICA e aplicación FONDOLIBROS: Información e tramitación

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B&ano=2023>

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

Enlace ao DOGa

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230519/AnuncioG0655-100523-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230519/AnuncioG0655-100523-0001_gl.html)

## Axudas para a compra de libros

- ☞ Para o alumnado matriculado en **1º e 2º de Educación Primaria**
  - Renda per cápita familiar **ata 6.000,00 euros: 240,00 €**
  - Renda per cápita familiar **entre 6.000,01 e 10.000 euros: 160,00 €**
- ☞ Alumnado de **Educación Especial: 300,00 €**, con independencia da renda per cápita familiar.
- ☞ Alumnado cunha **discapacidade igual ou superior ao 65%**, si fose necesario, a xuízo do centro docente, recibirá unha axuda de **300,00 €**, con independencia da renda per cápita familiar, para adquisición de libros e material complementario que este determine.
- ☞ Alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo**: (a criterio do centro).
  - Educación Primaria:
    - Renda per cápita familiar **ata 6.000,00 euros: 240,00 €**
    - Renda per cápita familiar **entre 6.600,01 e 10.000 euros: 160,00 €**
  - Educación Secundaria:
    - Renda per cápita familiar **ata 6.000,00 euros: 270,00 €**
    - Renda per cápita familiar **entre 6.600,01 e 10.000 euros: 180,00 €**

## Fondo solidario

- ☞ Para o alumnado matriculado en **3º e 4º de Educación Primaria**.

O próximo curso, no CPPI dos Dices, o alumnado de **5º e 6º de Primaria** e de tódolos cursos da **ESO**, estarán incluídos no proxecto de educación dixital: **E-DIXGAL**, polo que o alumnado desta etapa **só** poderá solicitar a axuda para **material escolar**.

Acceso ao fondo solidario:

- ☞ Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros: **6 libros**.
- ☞ Renda per cápita de entre 6.000,01 euros e 10.000: **4 libros**.
- ☞ Alumnado con discapacidade  **65%** (independentemente da renda): **6 libros ou 300,00 €**.

En caso de existir dispoñibilidade de libros no centro (4º Educación Primaria) estas cantidades poderían verse incrementadas, independentemente da renda.

Será **requisito fundamental** para acceder ao fondo solidario, ou recibir as axudas para libros e/ou material escolar, ter **devolto** en bo estado os libros recibidos no curso anterior.



## **Axudas para material escolar**

Poderán solicitálas todo o alumnado matriculado no centro en Educación Primaria e na ESO. Cando o umbral de renda per cápita familiar sexa **igual ou inferior a 6.000,00 euros** a contía da axuda será de **75,00 €**. Para rendas per cápita familiar **superiores a 6.000,00 euros e inferiores a 10.000,00 euros**, a contía da axuda será de **60,00 €**.

O alumnado de educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda (**75,00 €**) con independencia da renda per cápita familiar.

## **Prazo.-**

O prazo establecido para solicitar estas axudas é do **20 de maio ata o 21 de xuño de 2023**, ámbolos dous incluídos.

## **Documentación.-**

Xunto co anexo I: solicitude e anexo II: comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar, os interesados deberán presentar:

- ✓ **Libro de Familia** (presentando o orixinal non será preciso traer copia cotexada)
- ✓ En caso de separación ou divorcio, deberán achegar, **sentenza xudicial e/ou convenio regulador**, onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- ✓ De ser o caso: **certificado/volante de convivencia** ou **informe de Servizos Sociais** do concello de residencia.
- ✓ **Certificado do grao discapacidade** (recoñecidos por órganos que **non** pertencen á Xunta de Galicia).

## **Presentación de solicitudes:**

- Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado ao que afecta esta Orde. No caso de alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, presentará a solicitude a persoa titular da dirección do centro de menores ou a persoa con que conviva en acollemento familiar.
- **A solicitude será única para todos os fillos. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación **fondolibros**, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro.**
- Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2023/24, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2022/23. Este centro rexistrará a solicitude de maneira que acredite a súa entrada en prazo e enviaraa ao centro de destino en que o alumno resulte admitido, que será o encargado da súa gravación e tramitación.

En caso de presentación (por vía electrónica e/ou presencial) de máis dunha solicitude, a persoa solicitante deberá presentar ante o centro docente un escrito indicando en cal desexa que se tramite.



## CPI Plurilingüe dos Dices

- As solicitudes xeraranse e presentarase preferiblemente por vía electrónica, nos formularios normalizado (anexos I e II) dispoñible na aplicación informática «fondolibros» da sede electrónica da Xunta de Galicia (enlaces na cabeceira), xuntando a documentación correspondente (Anexo II, libro de familia...).

Tamén se poderán xerar na aplicación en presentar nos centros educativos.

Poderán presentar así mesmo, presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Os formularios de solicitude (anexo I e II) tamén estarán dispoñibles nos centros educativos e nas dependencias das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación.
- A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exigidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto.

### Particularidades:

- O alumnado procedente de **centros adscritos** (CEIP Pumar-Urdilde) deberán presentar a solicitude, dentro deste prazo.
- O alumnado que **repita 4º de ESO** e non presentara solicitude no prazo establecido poderá facelo no **prazo dun mes dende a data de matrícula**.
- A situación familiar será a que corresponda ó **31 de decembro de 2021**
- A declaración da renda corresponderase co **exercicio fiscal 2021**.
- Renda per cápita: Sumar os **recadros 435** (base imponible xeral) e **460** (base imponible do aforro) das declaracións presentadas e dividir o resultado entre os membros da unidade familiar (cónxuxes, fillos menores de idade e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar). Computarán por dous os membros da unidade familiar que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Aínda que no Fondo Solidario de Libros se establece un tope de 4 ou 6 libros segundo a renda per cápita, no caso de que sobrasen libros, dependendo do número de alumnos matriculados no curso, estas cifras poderían verse incrementadas.
- **En caso de fillos menores de idade, será o pai, nai ou titor/a os que asinen por eles no Anexo II da solicitude.**
- O alumnado cunha discapacidade  $\geq 65$  % matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 1ª).
- O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro



**CPI Plurilingüe dos Dices**

expediralles un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 2ª).

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa a solicitude

**ALUMNADO CON DISCAPACIDADE ≥ 65 % QUE NON EMPREGUE LIBROS**

O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, incluído aquel que participa no proxecto E-DIXGAL, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar con independencia do nivel de renda:

Libros: 300,00 euros

Material: 75,00 euros

**ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO**

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, cando a xuízo do centro docente, non pida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar, en función do nivel de renda (agás o alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia para o que non se terá en conta o nivel de renda).

	≤ 6000,00 €	< 6.000,00 € ≤ 10.000,00 €	≤ 6000,00 €	< 6.000,00 € ≤ 10.000,00 €
Cursos	Libros	Libros	Material	Material
3º, 4º, 5º e 6º EP	240,00 €	160,00 €	75,00 €	60,00 €
1º, 2º, 3º e 4º ESO	270,00 €	180,00 €		

*Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa a solicitude.*